

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de setembro de 2021
Duración	Desde as 21:05 ata as 00:00 horas
Lugar	SALON DE SESIÓNS
Presidida por	CONSTANTINO CORDAL RODRÍGUEZ
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES (14):

PSDG-PSOE (2): D. Samuel Lago Ozón e D^a Milagros Martínez Piñeiro.
SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey
B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D^a Mariel Oubiña Vázquez.
P.P. (6): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D^a Monica Montserrat Peña Otero e D. José Carlos Trigo Trigo.
CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Non asiste: D^a Fátima Abal Roma, D^a María Cruz Leiro Peña e D^a Silvia Fernández Pérez.

O Sr. Secretario da conta da Resolución da Alcaldía do 30.09.2021 que di,

*“Resolución da Alcaldía
Expediente 4346/2021*

Tendo en conta a imposibilidade de asistir ao Pleno ordinario de data de hoxe, 30.09.2021, e por cuestións de saúde resulta preciso habilitar a miña substitución por parte do Primeiro Tenente de Alcalde.

Na súa consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 63 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

1º. Nomear Alcalde Accidental ao Primeiro Tenente de Alcalde, D. Constantino Cordal Rodríguez desde a data de sinatura da presente Resolución e durante a data do 30.09.2021.



2º.Dar conta do presente decreto ao interesado, aos Xefes de Servizo do Concello de Cambados e aos Portavoces dos grupos municipais do P.P., do B.N.G. e de Cambados Pode, para o seu coñecemento e ós oportunos efectos, e ordear a súa publicación no B.O.P.”

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación da acta da sesión celebrada o día 22/07/2021

O Sr. Alcalde accidental da conta da acta da sesión celebrada o 22/07/2021

O Pleno, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación

2. Expediente 3619/2021. Festivos locais 2022

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Interior, favorable, por cinco votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto Cambados Pode e tres abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal de Somos Cambados que di,

“Vista a necesidade de comunicar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a proposta festivos locais para o ano 2022, proponse ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO:

1.Propoñer como festas locais para o ano 2022 no Concello de Cambados as seguintes datas:

-11 de xullo (San Benito)

-18 de xullo (Santa Mariña)

2.Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria.”

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) argumenta que se cambia a proposta de datas do ano pasado recuperando os días de San Benito e Santa Mariña que caen en datas laborables no ano 2022.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) argumenta que se absterán na votación tendo en conta que haberá tres festivos locais no mes de xullo, todos eles en verán.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que apoiarán a proposta pero di sorprendelrle que existan diverxencias no equipo de goberno en relación a este asunto que, considera, deberían explicarse.

O resto de grupos anuncian que apoiarán a proposta.

Sometido a votación o Pleno, por once votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, BNG, PP, Grupo Mixto Cambados Pode e tres



abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal de Somos Cambados adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Propoñer como festas locais para o ano 2022 no Concello de Cambados as seguintes datas:

- 11 de xullo (San Benito)
- 18 de xullo (Santa Mariña)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

3. Expediente 4208/2021. Modificación Ordenanzas Fiscais para 2022: Abastecemento de auga

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, favorable, por dous votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados e catro abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode que di,

“En desenvolvemento das competencias recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, considérase necesario modificar a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Distribución de Auga.

*Á vista do expediente formado, e dos informes que acompañan ao expediente, a Concellería de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo **PROPÓN** que, previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:*

*“**PRIMEIRO.-** Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, nos termos que se transcriben a continuación:*

“PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga.

ARTIGO 5- Cota tributaria

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS

(IVE non engadido)



Concepto	Importe (€/m3) por auga facturada
USOS DOMESTICOS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,3893
De 15 a 25 m3/mes	0,4473
Mais de 25 m3/mes	0,4958
USOS COMERCIAIS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,4473
Mais de 15 m3/mes	0,4958
USOS INDUSTRIAIS.-	
Mínimo ata 40 m3/mes	0,4473
De 40 a 100 m3/mes	0,4958
Mais de 100 m3/mes	0,5443
PARA OBRAS.-	
Mínimo ata 100 m3/mes	0,4958
Mais de 100 m3/mes	0,5443
CUOTA DE MANTEMENTO.-	
Uso doméstico (aboado/mes)	3,392
Uso comercial (aboado/mes)	8,940
Uso industrial (aboado/mes)	10,847
Uso xeral de obras (aboado/mes)	11,941
Uso obras vivendas unifamiliares (aboado/mes)	5,971
Facturarase mensualmente ós consumidores de mais de 100 m3/mes que o soliciten No caso de existir contador xeral computaranse todas as vivendas existentes na edificación	
Conservación de contadores (cota por vivenda ou local/mes) No caso de existir contador xeral computaranse tódalas vivendas existentes na edificación	0,661
TAXA DE REAPERTURA POR CORTE DE AUGA.-	
Taxa de reapertura (euros)	45,58
TAXA DE ACOMETIDA.- (A percibir polo Concello)	
Por vivenda ou local (No suposto de existir un contador xeral computaranse tódalas vivendas ou locais existentes na edificación)	49,59

TARIFAS DE ACOMETIDAS DE AUGA POTABLE E INSTALACIÓN DE CONTADORES

Unidades de obra:

- 1 Collar de toma de fundición, incluso banda de aceiro inoxidable. Ml. tubo de P.E. de 16 Atm. de presión de traballo
- 1 Chave de rexistro de cuadrillo, tipo GREINER ou similar
- 1 Arqueta con rexistro de fundición
- 2 a 4 Enlaces latón, tipo GREINER ou similar
- Apertura e peche de gabia en terreo normal a unha profundidade máx. de 1,2 m.
- Mano de obra realización do montaxe da acometida



Acometidas de 1 a 3 m.:

Reposición:	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Sen apertura	220.12 €	239.64 €	282.64 €	451.99 €	583.54 €
Terra	304.09 €	323.62 €	366.73 €	536.37 €	668.23 €
Asfalto	383.51 €	403.06 €	446.13 €	615.80 €	747.65 €
Formiçon	392.48 €	412.00 €	455.08 €	624.76 €	756.60 €
Beirarrúa/lastro	427.98 €	447.51 €	490.57 €	660.27 €	792.10 €
Losa de pedra	597,04 €	615,86 €	634,70 €	798,31 €	934,80 €

Acometidas de mais de 3 m.e ata 10 m. (€/m):

Reposición	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Sen apertura	1,48 €/m	2,37 €/m	3,71 €/m	5,72 €/m	9,02 €/m
Terra	29,43 €/m	30,32 €/m	31,72 €/m	33,87 €/m	37,30 €/m
Asfalto	55.91 €/m	56.82 €/m	58.21 €/m	60.34 €/m	63.77 €/m
Formiçon	58.84 €/m	59.79 €/m	61.18 €/m	63.30 €/m	66.76 €/m
Beirarrúa/lastro	70.71 €/m	71.63 €/m	72.99 €/m	75.15 €/m	78.59 €/m
Lousa de pedra	93.72 €/m	94.68 €/m	95.97 €/m	97.91 €/m	101.10 €/m

Os prezos incrementaranse no .V.E. correspondente

Nota: As acometidas en terreo en roca terán un suplemento de 62,38 € por metro lineal.

TARIFAS DE INSTALACIÓN DE CONTADORES

Os contadores que se utilizan como medidores de caudal están autorizados polo Ministerio de Industria e Enerxía.

Cando o contador a instalar sexa dun diámetro superior a 30 mm. ou ben sexa preciso realizar reformas nas instalacións, presentará o petionario un presuposto incluíndo man de obra e materiais a empregar.

MATERIAL	Importe	Importe	Importe
	Contador	Instalación	total
Ud. contador diam. 13 mm.	45,28 €	31,76 €	77,04 €
Ud. contador diam. 15mm.	51,97 €	32,98 €	84,95 €
Ud. contador diam. 20 mm.	63,44 €	40,73 €	104,17 €
Ud. contador diam. 25 mm.	108,31 €	51,89 €	160,20 €
Ud. contador diam. 30mm.	175,89 €	62,44 €	238,33 €

Os prezos incrementaranse no I.V.E correspondente

Tarifa doutros diámetros contadores

MATERIAL	Importe Contador
----------	---------------------



Ud. contador diam. 40 mm.	303,10 €
Ud. contador diam. 50 mm.	644,97 €
Ud. contador diam. 65 mm.	799,57 €

OUTRAS TARIFAS

Ud. Válvula de corte diám. 25 -32 mm	10,64 €
Ud. Válvula de purga diám. 25-32 mm	5,42 €
Válvula de retención diám. 25-32 mm	6,31 €
Filtro diám. 25-32 mm	10,99 €

Os prezos incrementaranse no I.V.E. correspondente

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”*

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da lectura á seguinte intervención:

“A modificación da ordenanza deriva do escrito presentado polo concesionario do servizo de distribución de Auga, Viaqua S.L., nesta mes de setembro, solicitando actualización das tarifas do servizo conforme ó Índice de Prezos ó Consumo, en virtude do disposto nas cláusulas do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de xestión integral do servizo público de Distribución de Auga, mediante concesión administrativa.

O IPC aplicado é o interanual entre o mes de agosto de 2020 e agosto 2021, cumpríndose o intervalo establecido polo Instituto Nacional de Estadística para o cálculo do IPC interanual. Compróbase que, en efecto, o incremento ascendeu ó 3,3%, tal e como sinala o concesionario no seu escrito.

Tratándose dunha modificación de ordenanza por actualización do IPC non é necesaria a existencia dun estudo económico financeiro da modificación, tal e como sinala a Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 10 de maio de 2012.

Debe sinalarse que a actualización desta ordenanza conforme ó IPC non contradí o disposto na Lei 2/2015 de desindexación da economía española, nin o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 55/2017. E isto porque, pese a que a Lei ten como obxecto, como sinala o seu artigo 1, o establecemento dun réxime nos que os valores monetarios non sexan modificados en virtude de índices de prezos ou fórmulas que o conteñan, a súa disposición transitoria sinala que “o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, cuxo expediente de contratación se iniciara antes da entrada en vigor do regulamento de desenvolvemento da lei, será o que este establecido nos pregos”.



Dado que este é o caso que nos ocupa e que os ingresos a percibir polo concesionario derivan do cobro das tarifas desta taxa, conforme establece nos pregos, enténdese que esta actualización non se opoñe ó establecido na mencionada lei.

Á vista do expediente formado, propoñemos que, previo ditame favorable da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello.”

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que, no tema do abastecemento cando se atopaba no goberno votaba a favor e por coherencia manterá o sentido do voto.

Non obstante di chamarlle a atención a forma de dar as noticias dun ano para outro.

Explica que o ano pasado, cando o IPC era negativo e o recibo non subía o mérito o atribuíu o goberno municipal e este ano a culpa é do IPC.

Critica esta publicidade enganosa e a manipulación dos medios que practica o goberno municipal.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) adianta que apoiarán a subida porque se suben os soldos hai que axustar o IPC.

Sinala que os impostos son necesarios para manter servizos de calidade e comparte que nos medios de comunicación non se poden facer anuncios manipulando a información.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) aclara que nos atopamos ante un servizo concesionado e a subida e unha consecuencia técnica do contrato.

Lembra que o resto de impostos se conxelaron e o tramo municipal non se sube. De non aprobarse a subida debería ser asumida polo Concello e non polas empresas concesionarias, engade.

Nega que o goberno pague aos medios de comunicación que ás veces dan noticias favorables para o goberno e ás veces non.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) adianta que apoiarán a proposta porque, de non facelo, a empresa acudiría ao Xulgado do Contencioso e de seguro lles darían a razón.

Explica que non se atopan de acordo coa subida de ningún imposto tendo en conta que hai familias que teñen dificultades para pagar os recibos e que lles pode afectar directamente.

Pídelle ao goberno que estea moi pendente das familias mais necesitadas.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) aclara que el non ten a potestade de determinar as notas de prensa que se publican e que a súa elaboración non ten custo para o Concello ao asumir el mesmo ese traballo directamente.

Fai alusión ás reducións de ingresos do Concello; alude ao Regulamento de axuda social aprobado; ao traballo conxunto con Viaqua en prol dos usuarios mais necesitados e da vontade de seguir traballando para a mellora dos servizos sociais.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) insiste en que anunciar que o goberno de Cambados plantea unha baixada de taxas trátase dunha noticia sesgada e si, considera que os medios de comunicación si cobran do goberno.



O Sr. Aragunde Aragunde (PP) apunta a que na lexislatura pasada e nesta se gasta o dobre en medios de comunicación.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, nos termos que se transcriben a continuación:

“PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga.

ARTIGO 5- Cota tributaria

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS

(IVE non engadido)

Concepto	Importe (€/m3) por auga facturada
USOS DOMESTICOS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,3893
De 15 a 25 m3/mes	0,4473
Mais de 25 m3/mes	0,4958
USOS COMERCIAIS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,4473
Mais de 15 m3/mes	0,4958
USOS INDUSTRIAIS.-	
Mínimo ata 40 m3/mes	0,4473
De 40 a 100 m3/mes	0,4958
Mais de 100 m3/mes	0,5443
PARA OBRAS.-	
Mínimo ata 100 m3/mes	0,4958
Mais de 100 m3/mes	0,5443
CUOTA DE MANTEMENTO.-	
Uso doméstico (aboado/mes)	3,392
Uso comercial (aboado/mes)	8,940
Uso industrial (aboado/mes)	10,847
Uso xeral de obras (aboado/mes)	11,941
Uso obras vivendas unifamiliares (aboado/mes)	5,971
Facturarase mensualmente ós consumidores de mais de 100 m3/mes que o soliciten	
No caso de existir contador xeral computaranse todas as vivendas existentes na edificación	



Conservación de contadores (cota por vivenda ou local/mes) No caso de existir contador xeral computaranse tódalas vivendas existentes na edificación	0,661
TAXA DE REAPERTURA POR CORTE DE AUGA.-	
Taxa de reapertura (euros)	45,58
TAXA DE ACOMETIDA.- (A percibir polo Concello)	
Por vivenda ou local (No suposto de existir un contador xeral computaranse tódalas vivendas ou locais existentes na edificación)	49,59

TARIFAS DE ACOMETIDAS DE AUGA POTABLE E INSTALACIÓN DE CONTADORES

Unidades de obra:

1 Collar de toma de fundición, incluso banda de aceiro inoxidable. Ml. tubo de P.E. de 16 Atm. de presión de traballo

1 Chave de rexistro de cuadradillo, tipo GREINER ou similar

3 Arqueta con rexistro de fundición

4 a 4 Enlaces latón, tipo GREINER ou similar

Apertura e peche de gabia en terreo normal a unha profundidade máx. de 1,2 m.

Mano de obra realización do montaxe da acometida

Acometidas de 1 a 3 m.:

Reposición:	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Sen apertura	220.12 €	239.64 €	282.64 €	451.99 €	583.54 €
Terra	304.09 €	323.62 €	366.73 €	536.37 €	668.23 €
Asfalto	383.51 €	403.06 €	446.13 €	615.80 €	747.65 €
Formiçon	392.48 €	412.00 €	455.08 €	624.76 €	756.60 €
Beirarrúa/lastro	427.98 €	447.51 €	490.57 €	660.27 €	792.10 €
Losa de pedra	597,04 €	615,86 €	634,70 €	798,31 €	934,80 €

..

Acometidas de mais de 3 m.e ata 10 m. (€/m):

Reposición:	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Sen apertura	1,48 €/m	2,37 €/m	3,71 €/m	5,72 €/m	9,02 €/m
Terra	29,43 €/m	30,32 €/m	31,72 €/m	33,87 €/m	37,30 €/m
Asfalto	55.91 €/m	56.82 €/m	58.21 €/m	60.34 €/m	63.77 €/m
Formiçon	58.84 €/m	59.79 €/m	61.18 €/m	63.30 €/m	66.76 €/m
Beirarrúa/lastro	70.71 €/m	71.63 €/m	72.99 €/m	75.15 €/m	78.59 €/m
Lousa de pedra	93.72 €/m	94.68 €/m	95.97 €/m	97.91 €/m	101.10 €/m

Os prezos incrementaranse no I.V.E. correspondente



Nota: As acometidas en terreo en roca terán un suplemento de 62,38 € por metro lineal.

TARIFAS DE INSTALACIÓN DE CONTADORES

Os contadores que se utilizan como medidores de caudal están autorizados polo Ministerio de Industria e Enerxía.

Cando o contador a instalar sexa dun diámetro superior a 30 mm. ou ben sexa preciso realizar reformas nas instalacións, presentará o petionario un presuposto incluíndo man de obra e materiais a empregar.

MATERIAL	Importe	Importe	Importe
	Contador	Instalación	total
Ud. contador diam. 13 mm.	45,28 €	31,76 €	77,04 €
Ud. contador diam. 15mm.	51,97 €	32,98 €	84,95 €
Ud. contador diam. 20 mm.	63,44 €	40,73 €	104,17 €
Ud. contador diam. 25 mm.	108,31 €	51,89 €	160,20 €
Ud. contador diam. 30mm.	175,89 €	62,44 €	238,33 €

Os prezos incrementaranse no I.V.E

correspondente Tarifa doutros diámetros contadores

MATERIAL	Importe Contador
Ud. contador diam. 40 mm.	303,10 €
Ud. contador diam. 50 mm.	644,97 €
Ud. contador diam. 65 mm.	799,57 €

OUTRAS TARIFAS

Ud. Válvula de corte diám. 25 -32 mm	10,64 €
Ud. Válvula de purga diám. 25-32 mm	5,42 €
Válvula de retención diám. 25-32 mm	6,31 €
Filtro diám. 25-32 mm	10,99 €

Os prezos incrementaranse no I.V.E. correspondente

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen



oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4. Expediente 4209/2021. Modificación Ordenanzas Fiscais para 2022: Saneamento

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, favorable, por dous votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados e catro abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode que di,

“**PRIMEIRO.-** Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, nos termos que se transcriben a continuación:

“PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros

ARTIGO 5- Cota tributaria

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo. TARIFAS (IVE non engadido)

Grupos	Usuarios	Cuota Sumid. (€/ano)
I	Vivendas (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), oficinas, locais en galerías, locais baleiros, e semellantes.	48,32
II	Consultas (médicos, avogados, etc.), academias, comercios maiores (máis de 2 empregados), perruquerías, talleres de motos e bicicletas, oficinas bancarias, e semellantes.	96,72
III	Tabernas, bares, cafeterías, pubs, clubs nocturnos, restaurantes, hospedaría (ata 20 habitacións), churrasquerías, hamburgueserías, fábricas de pan, pastelerías, carnicerías, pescaderías, e semellantes.	169,22
IV	Talleres de coches e barcos, tintorerías e lavanderías, imprentas, hospederías (de máis de 20 habitacións), adegas (ata 100.000 litros de produción), e semellantes.	241,73



V	Centros médicos, clínicas, piscinas unifamiliares, cines e teatros, laboratorios, discotecas e salas de festa, bingos, adegas (de 100.001 a 500.000 litros de produción), e semellantes.	90,17
VI	Industrias cárnicas, prefabricados de formigón, fábricas de produtos de pedra, estacións de servizo, lavado e engraxe, depuradoras de mariscos, cámpings, piscinas de uso público (non de explotación municipal), adegas industriais (de máis de 500.000 litros de produción), e semellantes.	362,67
VII	Cocedeiros de produtos de mar, fábricas de conservas e empresas semellantes.	2795,78

Prezo de acometidas de saneamento (a percibir polo concesionario):

Zanxa en terra	419,36 €
Zanxa en asfalto	489,25 €
Zanxa en acera	545,18 €

Taxa por análise de vertidos: ph, conductividade, sólidos en suspensión totais, D.B.O.5, D.Q.O, fósforo total, nitróxeno amonacal, sulfuro, aceites e graxas, recollida e envío mostra ó laboratorio:

-A solicitude do Concello:

Con resultado negativo (por encima dos límites)..... 360,72 €

-A solicitude do suxeito pasivo..... 360,72 €

Taxa por inspeccións periódicas e informes:

-A solicitude do suxeito pasivo..... 224,15 €

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.



TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da lectura á seguinte intervención,

“A modificación da ordenanza deriva do escrito presentado polo concesionario do servizo de distribución Espina & Delfin S.L, nesta mes de setembro, solicitando actualización das tarifas do servizo conforme ó Índice de Prezos ó Consumo, en virtude do disposto nas cláusulas do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de xestión integral do servizo público de Sumidoiros, mediante concesión administrativa.

O IPC aplicado é o interanual entre o mes de agosto de 2020 e agosto 2021, cumpríndose o intervalo establecido polo Instituto Nacional de Estadística para o cálculo do IPC interanual. Compróbase que, en efecto, o incremento ascendeu ó 3,3%, tal e como sinala o concesionario no seu escrito.

Tratándose dunha modificación de ordenanza por actualización do IPC non é necesaria a existencia dun estudio económico financeiro da modificación, tal e como sinala a Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 10 de maio de 2012.

Debe sinalarse que a actualización desta ordenanza conforme ó IPC non contradí o disposto na Lei 2/2015 de desindexación da economía española, nin o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 55/2017. E isto porque, pese a que a Lei ten como obxecto, como sinala o seu artigo 1, o establecemento dun réxime nos que os valores monetarios non sexan modificados en virtude de índices de prezos ou fórmulas que o conteñan, a súa disposición transitoria sinala que “o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, cuxo expediente de contratación se iniciara antes da entrada en vigor do regulamento de desenvolvemento da lei, será o que este establecido nos pregos”.

Dado que este é o caso que nos ocupa e que os ingresos a percibir polo concesionario derivan do cobro das tarifas desta taxa, conforme establece nos pregos, enténdese que esta actualización non se opoñe ó establecido na mencionada lei.

Á vista do expediente formado, propoñemos que, previo ditame favorable da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanza fiscal do Concello.”

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, nos termos que se transcriben a continuación:

“PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros

ARTIGO 5- Cota tributaria

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo. TARIFAS



(IVE non engadido)

Grupos	Usuarios	Cuota Sumid. (€/ano)
I	Vivendas (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), oficinas, locais en galerías, locais baleiros, e semellantes.	48,32
II	Consultas (médicos, avogados, etc.), academias, comercios maiores (máis de 2 empregados), perruquerías, talleres de motos e bicicletas, oficinas bancarias, e semellantes.	96,72
III	Tabernas, bares, cafeterías, pubs, clubs nocturnos, restaurantes, hospedaría (ata 20 habitacións), churrasquerías, hamburgueserías, fábricas de pan, pastelerías, carnicerías, pescaderías, e semellantes.	169,22
IV	Talleres de coches e barcos, tintorerías e lavanderías, imprentas, hospederías (de máis de 20 habitacións), adegas (ata 100.000 litros de produción), e semellantes.	241,73
V	Centros médicos, clínicas, piscinas unifamiliares, cines e teatros, laboratorios, discotecas e salas de festa, bingos, adegas (de 100.001 a 500.000 litros de produción), e semellantes.	290,17
VI	Industrias cárnicas, prefabricados de formigón, fábricas de produtos de pedra, estacións de servizo, lavado e engraxe, depuradoras de mariscos, cámpings, piscinas de uso público (non de explotación municipal), adegas industriais (de máis de 500.000 litros de produción), e semellantes.	362,67
VII	Cocedeiros de produtos de mar, fábricas de conservas e empresas semellantes.	2795,78

Prezo de acometidas de saneamento (a percibir polo concesionario):

Zanxa en terra	419,36 €
Zanxa en asfalto	489,25 €
Zanxa en acera	545,18 €

Taxa por análise de vertidos: ph, conductividade, sólidos en suspensión totais, D.B.O.5, D.Q.O, fósforo total, nitróxeno amonacal, sulfuro, aceites e graxas, recollida e envío mostra ó laboratorio:

-A solicitude do Concello:

Con resultado negativo (por encima dos límites)..... 360,72 €

-A solicitude do suxeito pasivo..... 360,72 €



Taxa por inspeccións periódicas e informes:

-A solicitude do suxeito pasivo..... 224,15 €

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5. Expediente 2443/2021. Proposta de CAMBADOS PODE para que o goberno municipal garanta o abastecemento de auga a tódolos usuarios de Cambados e, en especial, aos das zonas altas da parroquia de Vilariño de forma urxente

O Sr. Alcalde Accidental da conta da seguinte proposición,

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta pasada fin de semana (21-24 de maio de 2021) os veciños que son usuarios da rede de abastecemento de auga municipal nas zonas altas da parroquia de Vilariño: fundamentalmente de lugares de Cortiñas, San Antón, Cuiña e Xesteira estiveron sen auga e sen ningún tipo de aviso nin por parte do Concello nin da empresa concesionaria. Entre 50 e 100 familias viron como se lles privaba dun dereito fundamental e básico como é o acceso á auga. En pleno século XXI, acabando unha pandemia que veciños que pagan relixiosamente os seus recibos non poidan lavarse, non poidan asearse, cocinar ou tarefas de limpeza, etc. É lamentable e penoso.

Todo parece indicar que hai problemas en un depósito de auga situado no termo municipal de Ribadumia, e que o goberno municipal é coñecedor destes problemas dende hai case 1 ano. É tremendamente urxente que o Concello xunto coa empresa concesionaria exploren as diferentes solucións que poida haber e que apliquen xa unha solución que sexa tecnicamente e economicamente viable.

Estamos no mes de maio con estes problemas e cando chegue o verán esta situación vaixe a agravar polo que é necesario que o Pleno adopte unha decisión sobre este asunto.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.- Instar á Alcaldesa de Cambados e ao equipo de goberno municipal a traballar para aplicar unha solución urxente e definitiva aos problemas de abastecemento de auga municipal que hai nas zonas altas da parroquia de Vilariño e a levar a cabo unha revisión integral de todo o



sistema de abastecemento para prever e solucionar probables deficiencias.

2º.- Instar ao goberno municipal a reunirse cos veciños afectados para explicar a situación actual e aplicar as correspondentes bonificacións e descontos polo período de tempo no que dure a prestación deficiente do servizo.

3º.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á tódolos usuarios afectados.”

Sometida a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes no acto, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) da conta do episodio acaecido o fin de semana do 21 ao 24 de maio de 2021 no que veciños de Vilariño, Corvillón e Sete Pías quedaron sen auga.

Lembra que o concelleiro de obras botou as culpas aos Concellos de Ribadumia e Meis rectificando posteriormente.

Pon de manifesto que hai un problema estrutural no abastecemento que urxe resolver e defende que hai que traballar para buscar solucións criticando o hermetismo e a falta de información do goberno municipal nese fin de semana.

Da conta da rapidez que se comunicou ese mesmo luns unha avaría en Tragove poñendo de manifesto unha discriminación entre veciños.

Afirma que existe un problema institucional co Concello de Ribadumia e reclama a compensación das empresas que quedaron sen servizo durante o corte.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) da conta da reunión mantida cos veciños ao longo do mes de xullo e da solicitude de información planteada ao goberno municipal que non se contestou. Di que lle gustaría ter información directa do goberno en relación a este particular.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) matiza que as avarías non é posible comunicalas porque se trata de imprevistos non así os cortes programados.

Informa de que naquel fin de semana se puxo en contacto coa concelleira responsable de Ribadumia e coa alcaldesa de Meis e de que o Alcalde de Ribadumia descoñecía que estivera en contacto coa concelleira.

Defende que houbo unha colaboración estreita co Concello de Ribadumia para solventar esta cuestión e que se adoptaron medidas para paliar os seus efectos.

Da conta de problemas puntuais de consumo por enchido de piscinas e regos e da posibilidade de habilitar un depósito nalgún punto elevado para solventar esta cuestión

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que se atopan de acordo co sentido da moción. Lembra que o seu grupo saiu a denunciar esta situación ante a falta de información por parte do goberno municipal algo que se considera moi grave. Afirma que hai que informar a xente do que está a pasar e critica que o goberno non estea dispoñible para os veciños nin entre semana nin o fin de semana. Solicita que, cando menos, se dispoña dun número de teléfono da empresa para a atención dos veciños. Pon de manifesto que as empresas teñen unha planificación seria que non se pode alterar. Que os membros do goberno municipal non teñan dedicación non é desculpa, afirma.



O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) da conta de que estamos ante un problema xenerado en plena situación de Covid, o que agrava o tema. Reclama indemnizacións e descontos para as empresas.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) incide na previsión que existe para solventar este problema e o tempo aproximado para acadar a súa financiación.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) da conta dos informes de Viaqua ao respecto en relación a unha avaría que non se produciu no noso Concello.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) critica que o goberno non solicitase fondos con cargo ao Plan Reacon da Deputación Provincial de Pontevedra para proxectos de abastecementos de auga.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) sinala que os proxectos de abastecemento de auga non eran financiábeis con cargo a este Plan.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) insiste en que algún Concello solicitou proxectos deste tipo e considera que habería que estudar, incluso, a posibilidade de cofinancialos en convenio coa empresa concesionaria da auga.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) considera que o goberno descoñece os custos da actuación e non prepara as mocións que veñen a Pleno.

Sometido a votación o Pleno, por nove votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode e cinco abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Instar á Alcaldesa de Cambados e ao equipo de goberno municipal a traballar para aplicar unha solución urxente e definitiva aos problemas de abastecemento de auga municipal que hai nas zonas altas da parroquia de Vilariño e a levar a cabo unha revisión integral de todo o sistema de abastecemento para prever e solucionar probables deficiencias.

SEGUNDO.- Instar ao goberno municipal a reunirse cos veciños afectados para explicar a situación actual e aplicar as correspondentes bonificacións e descontos polo período de tempo no que dure a prestación deficiente do servizo.

TERCEIRO.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á tódolos usuarios afectados.

6. Expediente 3222/2021. Proposta do Grupo Municipal Cambados Pode, interesando a modificación do tipo impositivo da Ordenanza Reguladora do Imposto de Bens Inmóbeis

Consta ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, favorable, por un voto a



favor do concelleiro integrado no Grupo Mixto Cambados Pode e cinco abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, PP e BNG que di,

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos a superar a crise sanitaria grazas fundamentalmente ás vacinas, pero atopámonos inmersos nunha crise económica sen precedentes nas últimas décadas. Dende a plataforma veciñal de Cambados Pode vimos reclamando dende hai meses medidas que permitan reactivar a economía local: axudas directas aos sectores económicos afectados polo Covid-19, a posta en marcha dunha comisión de reconstrución económica e social aprobada no pleno do mes de xullo do 2020, a baixada do IVE á electricidade, etc.

Na actualidade a cidadanía cambadesa está sufrindo unha subida xeneralizada e acusada dos prezos de hidrocarburos, electricidade, peaxes, materias primas.....O que está a provocar unha importante perda de poder adquisitivo nos fogares do noso pobo. Ademais dende o goberno municipal cambadés non se está a cumprir coas promesas en materia de bonificacións nin de axudas directas ao comercio e á hostalería.

Na lexislatura pasada o cuadripartito puxo en marcha unha axenda de baixada de impostos que se materializou nunha redución do tipo impositivo do IBI dende o 0,60 ao 0,46 para os bens de natureza urbana.

Na Comarca do Salnés Cambados é o quinto Concello co tipo máis alto, tal como podemos observar na seguinte táboa segundo os datos difundidos polo goberno central de España.

Concello	Provincia	Población	Urbana
Vilanova de Arousa	Pontevedra	10.302	0,6
Grove (O)	Pontevedra	10.650	0,58
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	37.456	0,51
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	4.926	0,5
Cambados	Pontevedra	13.744	0,46
Meaño	Pontevedra	5.272	0,4
Meis	Pontevedra	4.791	0,4
Ribadumía	Pontevedra	5.052	0,4
Sanxenxo	Pontevedra	17.347	0,4

Datos da Secretaría de Estado de Facenda do goberno de España correspondentes ao ano 2020.

Esta moción baséase na excesiva presión fiscal que soportan as pemes, autónomos e familias, polo que a baixada do tipo impositivo ao mínimo legal do 0,40 para os bens de natureza urbana vai a permitir que o cidadán teña unha maior renda disponible aumentando a súa capacidade económica e a vez xerando un efecto positivo na economía, xa que a política fiscal e tributaria é unha ferramenta fundamental para a competitividade das empresas e ao servizo das persoas.

Segundo as estimacións de Cambados Pode a baixada de 6 puntos do tipo impositivo da urbana podería supor unha inxección de preto de 180.000 € á economía local cambadesa para o ano 2022.

A situación económica do Concello de Cambados permite un reequilibrio das contas públicas de tal xeito que se poida levar a cabo esta iniciativa sen interferir nin empeorar a prestación dos servizos públicos. É polo tanto esencial que o goberno municipal se poña a traballar o máis axiña posible para que o conxunto da cidadanía cambadesa vexa aliviada a presión fiscal dende o ámbito municipal e deste xeito poder contribuír a unha recuperación rápida e sostible no tempo da economía local, que foi especialmente danada pola pandemia e polas restricións e peches perimetrais sufridos nos últimos meses.

Por outra banda a base liquidable do IBI está constituída polo valor catastral dos bens inmoebles, unha vez aplicadas as reducións establecidas na lexislación. A cota íntegra do imposto a pagar polo obrigado tributario é o resultado de aplicar o tipo de gravame á base liquidable –o valor catastral- Neste sentido, para calcular a cota a pagar polo IBI non se ten en conta a capacidade económica do individuo polo seu nivel de renda, senón polo valor catastral do inmoebel do que é titular. Polo tanto sería unha boa iniciativa de xustiza social que se tivese en conta dalgún xeito



a capacidade económica dos cidadáns para calcular a cota a pagar.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a iniciar un expediente administrativo para modificar a ordenanza reguladora do imposto de bens inmobles establecendo un tipo impositivo do 0,40 (mínimo legal) para os bens de natureza urbana, cumprindo cos prazos legais e levando a cabo a súa publicación no boletín oficial da provincia BOP para aplicar esta baixada no ano 2022.

2º.- Instar ao goberno central de España a introducir modificacións legais para dotar de maior progresividade ao Imposto de Bens Inmobles (IBI), coa incorporación de criterios de renda e capacidade económica para a súa aplicación.”

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) da lectura a moción e puntualiza que o goberno municipal leva perdendo mais de 1.500.000 euros de axudas en dous anos. Da conta da contestación dun escrito da Sra. Presidenta Deputación Provincial na que se expón que o Concello de Cambados non asistiu ás reunións do Plan Agora e Reacon.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) replica manifestando que el asistiu persoalmente á reunión do Plan Agora.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di discrepar con Cambados Pode neste punto. Defende que os servizos públicos deben financiarse con impostos. Lembra que de forma simbólica na lexislatura pasada subíu o Plan Madruga tendo en conta que os servizos hai que pagalos.

De igual maneira manifesta que non se amosou de acordo coa baixada do IBI do 0,6 % ao 0,44 % que se levou a cabo na lexislatura pasada.

Considera que o IBI trátase dun imposto xusto que aplica porcentaxes sobre cantidades e nos atopamos nun momento en que se está a duplicar o gasto.

(Ás 22.18 horas o Sr. Gómez Blanco abandona momentaneamente a sesión).

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) fai unha comparativa facendo constar que Cambados e o Concello da comarca, xunto con Vilanova, cunha ponencia de valores mais antiga.

(Ás 22:20 horas reincorpórase á sesión o Sr. Gómez Blanco)

Argumenta que non se deixou de recaudar pola regularización acometida polo Catastro e apunta a que unha baixada do IBI podería implicar unha perda de participación en tributos do Estado ao baixar o esforzo fiscal.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) manifesta que apoiarán a proposta. Di que hai que ter en conta que na época do seu goberno se pagaba menos antes de que o Estado obrigou a revisar a porcentaxe. Cando existía plena liberdade municipal para fixar o tipo se estableceu un 0,44 % cando agora se cobra un 0,46 %.

Critica a falta de iniciativas do goberno municipal á hora de presentar os proxectos dos Plans de subvencións convocados e lembra que cando se subíu un euro o recibo do lixo na época do seu mandato foi duramente criticado.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) fai un repaso á carga fiscal do Concello de Cambados en relación a outros Concellos da contorna. Incide nos plans de subvencións aos que non concorreu o goberno municipal.



O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados), di que o Concello de Cambados non pode acudir á totalidade dos Plans convocados por outras Administracións porque esixen de obrigas de cofinanciamento das que non dispón. Lembra que o Plan de Mobilidade se convocaba unicamente para proxectos, non para a execución de obras.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) critica a falta de xestión do goberno municipal e considera que non solicitar o Reacon bordea a prevaricación.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) defende que o Concello de Cambados é o de menor esforzo fiscal da comarca.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) critica a forma de impoñer de multas de tráfico impostas no Concello.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) lembra que as multas non se impoñen polos concelleiros.

Sometido a votación prodúcese un empate (sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode e sete en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG)

De acordo co artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro reitérase a votación co seguinte resultado (sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode e sete en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG).

En aplicación do citado artigo o Pleno, tendo en conta o voto de calidade do Sr. Alcalde accidental acorda rexeitar o ditame anterior.

7. Expediente 2775/2021. Proposta do Grupo Municipal do P.P., relativa ao recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e R.D., respecto do Plan Xeral de Explotación Marisqueira Período 2021-2023

Consta ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Mar e Medio Rural, favorable, por dous votos a favor dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP e catro abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode que di,

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Goberno central vén de protagonizar un novo ataque inxustificado ao complexo mar-industria de Galicia e, nesta ocasión moi en particular, directamente ao labor das mariscadoras e mariscadores galegos.

Así aconteceu tras coñecerse o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.

O Executivo que preside Pedro Sánchez argumenta a súa impugnación na necesidade dun informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral da Costa e o Mar para o outorgamento de zonas de explotación marisqueira, en réxime de autorización ou concesión, un requisito que xamais foi pedido desde que existen os plans xerais de explotación marisqueira, que entraron en vigor nos anos 90.

Galicia explicou a improcedencia desta petición e aclarou, na resposta ao requirimento previo á



presentación do recurso, que a orde pola que se aproba o plan non outorga zonas de explotación marisqueira, nin en réxime de autorización nin de concesión, polo que non é necesario o informe sobre a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

Cómpre salientar igualmente que o plan de explotación marisqueira para os anos 2021-2023 segue a liña dos plans anuais aprobados desde os anos 90, para os que tampouco se requiría ese informe e que en ningún momento foron recorridos polo Goberno central.

Resulta especialmente grave que desde o Executivo central- gobernado en coalición polo PSOE e Unidas Podemos- poñan en dúbida un sistema de xestión consensuado cos profesionais do sector e que ten demostrado a súa eficacia para regular a actividade marisqueira de maneira ordenada, sustentable e respetuosa co medio ambiente desde hai décadas.

Compre salientar de igual xeito que a ausencia desta regulación complicaría o desenvolvemento normal da actividade e supón poñer en risco a actividade das máis de 3700 persoas que se dedican ao marisqueo a pé en Galicia –das que máis do 74% son mulleres- e das arredor de 5000 persoas que traballan no marisqueo desde embarcación, así como a propia organización do traballo e a súa correcta xestión en termos de sostibilidade ambiental, social e económica.

De anularse o plan vixente, unha decisión política do Goberno central tiraría por terra meses de traballo das confrarías e asociacións marisqueiras do sector que participaron no deseño e elaboración dos 94 plans de xestión vixentes actualmente e incluídos no Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021-2023.

Ante a gravidade da situación e un suposto evidente de invasión por parte dos actuais responsables do Goberno de España das competencias exclusivas de Galicia, resulta necesario que a Xunta de Galicia, desenvolva as accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector e un modelo de xestión dos recursos con décadas de historia e baseado na conxestión dos recursos que ten demostrado a súa eficacia.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambados eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

O Concello de Cambados acorda:

1º.-Dirixirse ao Goberno central para que retire, de xeito inmediato, o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derogar o Plan Xeral Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.

2º.- Manifestar a súa oposición ante un novo ataque inxustificado do Goberno de España ao complexo mar-industria de Galicia e, nesta ocasión moi en particular, directamente ao labor das mariscadoras e mariscadores galegos.

3º.- Apoiar á Xunta de Galicia e ao sector marítimo-pesqueiro no desenvolvemento das accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector marisqueiro galego e un modelo de xestión dos recursos autónomo, con décadas de historia e baseado na conxestión dos recursos que ten demostrado a súa eficacia.”

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) da conta do ditame e formula unha explicación ao seu respecto criticando o recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica respecto do Plan Xeral de Explotación Marisqueira que invade as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma e trae consecuencias moi negativas ao sector.

Considera ridículo que Costas do Estado esixise a tradución do recurso ao castelán e di que os efectos poden ser moi negativos e mesmo alentar aos furtivos.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di estar a favor da proposta ao parerelle un conflito burocrático e técnico que o único que xenera é inseguridade xurídica. .

Considera a situación coma un ataque ao sector do mar e ás concesións das depuradoras e estima necesario chegar a unha solución extraxudicial.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que o BNG conta cunha iniciativa moi semellante na que se analizan as consecuencias sobre o sector deste conflito.



Plantea unha emenda a maiores que diría, *“Instar á Xunta de Galiza á activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes a Galiza, nomeadamente tal e como se acordou polo pleno do Parlamento Galego no mes de marzo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro e da investigación oceanográfica”*

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) da conta da proposta remitida ao Parlamento de Galicia de 01.06.2021 que foi votada a favor polo PsdeG-PSOE e o BNG e rexeitada polo Partido Popular no Parlamento de Galicia nunha aplicación da máxima de “canto peor mellor”.

Di non querer entrar a valorar o fondo do asunto e considera que o fácil e botar a culpa a quen quere cumprir a Lei.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) incide no sentido da proposta e considera que se está ao bombardear e atacar ao sector mar industria.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que se inclúa unha emenda á proposta consistente en *“Abrir un proceso negociador entre as Administracións autonómica e estatal co fin de resolver os posibles conflitos competenciais e administrativos na materia”*.

Sometida a votación á emenda presentada polo concelleiro Victor Caamaño Rivas consistente en engadir un punto ao ditame que diría *“Instar á Xunta de Galiza á activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes a Galiza, nomeadamente tal e como se acordou polo pleno do Parlamento Galego no mes de marzo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro e da investigación oceanográfica”* o Pleno, por oito votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de BNG, PsdeG-PSOE, Somos Cambados e Grupo Mixto Cambados Pode, e sete en contra do grupo municipal do PP aproba a emenda anterior.

Sometida a votación á emenda presentada polo concelleiro Samuel Lago Ozón consistente en engadir un punto terceiro ao ditame que diría *“Abrir un proceso negociador entre as Administracións autonómica e estatal co fin de resolver os posibles conflitos competenciais e administrativos na materia”* prodúcese un empate (sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e sete en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode)

De acordo co artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro reitérase a votación co seguinte resultado (sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e sete en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode).

En aplicación do citado artigo o Pleno, tendo en conta o voto de calidade do Sr. Alcalde accidental acorda aprobar a emenda anterior.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:



PRIMEIRO. Dirixirse ao Goberno central para que retire, de xeito inmediato, o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derogar o Plan Xeral Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.

SEGUNDO. Manifestar a súa oposición ante un novo ataque inxustificado do Goberno de España ao complexo mar-industria de Galicia e, nesta ocasión moi en particular, directamente ao labor das mariscadoras e mariscadores galegos.

TERCEIRO. Apoiar á Xunta de Galicia e ao sector marítimo-pesqueiro no desenvolvemento das accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector marisqueiro galego e un modelo de xestión dos recursos autónomo, con décadas de historia e baseado na conxestión dos recursos que ten demostrado a súa eficacia.

CUARTO. Instar á Xunta de Galiza á activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes a Galiza, nomeadamente tal e como se acordou polo pleno do Parlamento Galego no mes de marzo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro e da investigación oceanográfica.

QUINTO. Abrir un proceso negociador entre as Administracións autonómica e estatal co fin de resolver os posibles conflitos competenciais e administrativos na materia.

8. Expediente 2810/2021. Proposta do Grupo Municipal do B.N.G., sobre a nova tarifa eléctrica

Consta ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, favorable, por un voto a favor dos concelleiros integrados no grupos municipal do BNG e cinco abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, PP e Grupo Mixto Cambados Pode que di,

“Exposición de motivos:

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta de MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional dos Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que opde chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se



observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23 h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio da factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posibel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto das PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1 – Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Cambados da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerables, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2 – Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regularización da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

- Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.
- Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.”

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) da conta ao incremento sufrido no prezo da luz e do seu impacto nos sectores productivos galegos, facendo fincapé nas explotacións gandeiras e nas PEMES solicitando unha revisión do sistema impositivo sobre a electricidade e facendo un repaso aos acordos da moción presentada. Critica, ademais, a existencia de exministros do PP e PSOE no Consello de Administración das eléctricas coa intención de influir nos gobernos

A Sra. Fole Trigo (PP) di converxer en moitos dos argumentos que plantea o BNG neste asunto. Pon de manifesto o terrible ascenso do prezo da luz e as nefastas consecuencias nos consumidores, autónomos e PEMES. Expón que os tramos horarios impostos polo goberno non viron solucionar o problema e que na actualidade ns atopamos cun prezo exorbitado de 200 euros para o megavatio.

Como solucións plantea unha rebaixa impositiva e a adopción de medidas estruturais nos orzamentos do Estado que permitan paliar esta escalada. Fai un repaso aos diversos puntos da proposta.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) fai referencia a anterior moción presentada por Cambados Pode no mes de maio e na que se criticaba a baixada do IVE por parte do goberno municipal que propoñía o seu grupo municipal.



Pon a énfase nos problemas de pobreza enerxética que se van producir e insiste en criticar o posicionamento do goberno municipal absténdose na súa proposta de redución do IVE defendendo o aparato administrativo do Estado.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) explica o motivo da abstención na proposta de maio por considerala incompleta ao centrarse unicamente no tema impositivo e non abordar unha reforma na lexislación da tarificación eléctrica.

(O Sr. Alcalde Accidental chama á orde ao Sr. Varela ás 23:40 horas por interrupcións no turno de palabra)

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) pon de manifesto que o prezo insostible e as Administracións teñen que intervir. Di que o recaude o Estado debe revertir na cidadanía e por iso di que apoiarán a proposta do PP.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que está de acordo co sentido das propostas presentadas pero manifesta que quere incluír unha nova proposta que incida en que os territorios excedentarios na produción da luz (como é Galicia) poidan ter algún tipo de beneficio.

Por iso, manifesta, é necesario incluír unha emenda na moción do PP que diga,

“Instaurar unha tarifa eléctrica galega que abarate a factura da luz para galegas e galegos, en beneficio de consumidores particulares e das nosas empresas, de maneira que se compense o papel de Galiza como excedentaria na produción eléctrica e o forte impacto ambiental e social derivado do seu papel produtor”.

A Sra. Fole Trigo (PP) di, en relación á nacionalización da enerxía, foi un debate de iniciativa popular coa conclusión de que esa iniciativa non era beneficiosa para os consumidores nin viable xurídicamente. e mais parece un eslógan. Reivindica o papel dos empresarios como sector xenerador de riqueza así como o bo uso que se debe dar aos impostos recadaos dos galegos.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) da lectura á proposta do Pleno de maio 2021 e di que a emenda do BNG pode vulnerar a Constitución Española.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da conta da necesidade de adoptar modificacións lexislativas.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.– Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Cambados da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerables, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

SEGUNDO.– Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regularización da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

- Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.



- Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

9. Expediente 2812/2021. Proposta do Grupo Municipal do P.P., instando ao Goberno de España a baixar o prezo da luz actuando sobre determinados impostos e custes regulatorios

Consta ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, favorable, por dous votos a favor dos concelleiros integrados no grupos municipal do PP e catro abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode que di,

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España es el cuarto país de la Unión Europea en el que sus residentes pagan más por electricidad, al contar con una factura promedio anual de 1.273€, representando el 8'5% del salario anual (15.015€)

A este dato hay que añadir otros dos especialmente relevantes. Primero, según datos de Eurostat, al cierre de 2019 el precio del kilovatio hora en España era el quinto más alto de la Unión Europea y, segundo, entre mayo de 2020 y mayo de 2021 la factura de la luz se ha incrementado en un 44%.

Ante estos datos, hay que recordar que en España menos de un 40% de la factura de la luz depende del precio de la electricidad y del mercado.

El resto, se debe a los costes regulatorios derivados de la gestión política (por ejemplo, subvenciones a las renovables o al carbón o el déficit de tarifa, entre otras) y a los impuestos (ej.: el Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica, entre otros).

Si hablamos de costes derivados de la gestión política se debe destacar que el ex presidente José Luís Rodríguez Zapatero reconoció en 2019 que sus dos legislaturas habían generado una burbuja de 29.281 millones € por el boom de las renovables.

Y si hablamos de Impuestos nuestro país se sitúa entre los 10 primeros países de la Unión que mayor IVA (21%) aplica a este producto.

Por tanto, una de las vías más inmediatas para reducir la factura de la luz es la rebaja de los impuestos que gravan la electricidad pero el Gobierno de España ha optado por implantar una tarifa con tres tramos horarios restringiendo la libertad de elección de los consumidores y obligándoles a cambiar sus hábitos de vida, que no todos los españoles podrán hacerlo, si quieren tener algun posibilidad de ahorrar en su factura de la luz.

Porque aunque el Gobierno afirme que estas nuevas tarifas permitirán que se produzca una bajada general de la factura de la luz, la realidad es muy diferente ya que con esta media 11 millones de españoles verán incrementada su factura.

Por otro lado, el Gobierno, para justificar su negativa a actuar y rebajar el precio de la luz a millones de hogares españoles vía rebaja de impuestos, afirma que, gracias a su acción política, el recibo de la luz bajó en un 40% el año pasado cuando esa rebaja se debió a la caída de la demanda por la pandemia y a la bajada de los precios del gas y del petróleo en 2020.

Y se vuelve a escudar en Europa para rechazar bajar el IVA aplicado a la electricidad cuando la realidad es que varios países europeos tienen tipos más bajos que España en las tarifas que



afectan a los consumidores y que no existe una normativa europea que impida bajarlo.

Por lo expuesto, y ante las recomendaciones y medidas aprobadas en el seno de la FEMP, el Grupo Municipal Popular en el Concello de Cambados, presenta la siguiente PROPUESTA DE ACUERDO:

Instar al Gobierno a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

1 – Rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el artic. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética.

2 – Modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica (como la deuda del sistema eléctrico y los costes extrapeninsulares) sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado.

3 – Simplificar el recibo de la luz para facilitar su comprensión.

4 – Poner en marcha de inmediato una campaña de información dirigida a los consumidores que explique de forma sencilla y comprensible la nueva tarifa de la luz.”

Sometida a votación á emenda presentada polo concelleiro Victor Caamaño Rivas consistente en engadir un punto ao ditame que diría “*Instaurar unha tarifa eléctrica galega que abarate a factura da luz para galegas e galegos, en beneficio de consumidores particulares e das nosas empresas, de maneira que se compense o papel de Galiza como excedentaria na produción eléctrica e o forte impacto ambiental e social derivado do seu papel produtor*” prodúcese un empate (sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e sete en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode)

De acordo co artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro reitérase a votación co seguinte resultado (sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e sete en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode).

En aplicación do citado artigo o Pleno, tendo en conta o voto de calidade do Sr. Alcalde accidental acorda aprobar a emenda anterior.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:

Instar ao Goberno a tomar as seguintes medidas para impedir que o aumento espectacular do prezo da enerxía eléctrica lastre a economía persoal e familiar dos españois xa especialmente danada polos efectos da pandemia:

PRIMEIRO. Rebaixar o tipo de gravamen do Imposto sobre o Valor da Producción de Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando para elo o artigo 8 da Lei 15/2012 de medidas fiscais para a sostenibilidade enerxética.

SEGUNDO. Modificar a Lei 24/2013 do Sector Eléctrico para, entre outros aspectos, que determinados custes regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (como a débeda do



sistema eléctrico e os custes extrapeninsulares) sexan financiados íntegramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

TERCEIRO. Simplificar o recibo da luz para facilitar a súa comprensión.

CUARTO. Poñer en marcha de inmediato unha campaña de información dirixida aos consumidores que explique de xeito sinxelo e comprensible a nova tarifa da luz.

QUINTO. Instaurar unha tarifa eléctrica galega que abarate a factura da luz para galegas e galegos, en beneficio de consumidores particulares e das nosas empresas, de maneira que se compense o papel de Galiza como excedentaria na produción eléctrica e o forte impacto ambiental e social derivado do seu papel produtor.

Superada a medianoite o Sr. Alcalde Accidental deu por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como Secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F., dándose conta dos seguintes asuntos:

14. Dación en conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía (Do 20/07/2021 ata o 27/09/2021)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

